



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E COOPERATIVA XUNCOGA SCG PARA LEVAR A CABO O SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS DO CONCELLO DE LALÍN.

Lalín, a 18 de decembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, designado na sesión do Pleno da Corporación do 15 de xuño de 2019 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D. Manuel Fernández López con DNI ***486***, en calidade de Presidente de XUNCOGA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA con CIF F36334092 e domicilio no Polígono Industrial Lalín 2000, Parcelas B2 B3 e C3, Lalín.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

O marco competencial municipal, fundaméntase no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, queda redactado como segue: *“1.- O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en este artigo.*

SEGUNDO.-

De acordo co artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 este convenio non se entende como exercicio de unha nova competencia posto que supón a continuidade de actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores .

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638

TERCEIRO.-

XUNCOGA S.C.G. é unha cooperativa de 2º grao, constituída en decembro de 1998 e inscrita definitivamente no Rexistro de Cooperativas o 18 de maio de 1999.

XUNCOGA S.C.G. ten o seu ámbito de actuación e socios na provincia de Pontevedra, nos Concellos de Lalín, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada, Dozón, e Silleda.

Como cooperativa de segundo grado, está constituída por outras cooperativas de primeiro grado, entre elas as seguintes de Lalín

- “Cobideza” con sedes en Lalín Silleda e Vila de Cruces con 200 socios
- “Aprodeza” con sede en Lalín con 140 socios.
- “Val do Deza” con sede en Goiás Lalín con 80 socios.
- “Campodeza” con sede en Gresande Lalín con 135 socios.
- “Gandeiros do Deza” con sede en Castro Lalín con 90 socios

En total son máis de 500 familias de Lalín as que se benefician directamente dos servizos postos en marcha por XUNCOGA S.C.G. por ser socias, ós que hai que engadir outro número importante de non socios que tamén teñen acceso a parte dos servizos prestados.

As tarefas do agro e concretamente no sector gandeiro/leiteiro fan que unha explotación do sector precise atención 24h os 7 días da semana, polo que ao tratarse habitualmente de explotacións familiares xestionadas polos propios membros da familia provoca que non haxa tempo libre dispoñible para cuestións de índole persoal provocando dificultades para compatibilizar a súa vida laboral coa súa vida social. Ditos gandeiros e gandeiras non poden desfrutar de vacacións ou tempo de lecer e incluso teñen problemas ante cuestións tan básicas como acudir a unha cita médica.

Ante esta situación as Cooperativas gandeiras puxeron en marcha servizos de substitución que faciliten ás familias a posibilidade dun respiro familiar e de ocio que non terían de non existir estes servizos de substitución e que son claramente deficitarios e precisan de apoio público pois estamos falando dunha necesidade social para unha boa parte da veciñanza rural de Lalín.

Lalín é un dos concellos de Galicia con mais importancia no sector gandeiro, en 2016 cifrábanse en cerca de 900 as explotacións de gando vacún no noso territorio, polo que é evidente que se trata dunha necesidade real dos veciños e veciñas de Lalín. Por outra banda a Cooperativa XUNCOGA S.C.G. como sociedade que favorece o asociacionismo de centos de socios e socias que manteñen o noso territorio rural , precisa de apoio das institucións públicas naqueles proxectos , como o servizo de substitución gandeira , de marcado carácter social.

CUARTO-

O Concello de Lalín ten competencias para subscribir convenio coa entidade XUNCOGA SCG en virtude do artigo 47.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO.-

Enténdese que queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro da Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2019, prorrogado para o 2020.

Así e atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, prorrogado para o 2019, dotouse a partida 2019.0.419.47901 cunha subvención nominativa para XUNCOGA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA con CIF F36334092.

Polo exposto en puntos anteriores, e no exercicio das competencias que lles son propias, ambas partes expresan o seu interese en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Lalín con XUNCOGA S.C.G. a efectos de contribuír a necesidade social mediante os servizos de substitución aos residentes do colectivo gandeiro de Lalín.

SEGUNDA.- NORMATIVA.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2019, prorrogado para o ano 2020.
- Liña 2ª do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2019, prorrogado para o ano 2020.

TERCEIRA.- CONTIDO DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

Este convenio servirá para conceder unha subvención nominativa a XUNCOGA S.C.G. con CIF con C.I.F. F-36334092 por importe máximo anual de 10.000 euros.

Será subvencionable os gastos derivados da actividade dos servizos de substitución gandeira, que repercute basicamente no custo do persoal derivado da contratación para a execución do servizo de substitución.

Serán gastos subvencionables os gastos derivados do pago de retribucións do persoal da entidade que faga as substitucións tanto para persoal fixo como eventual. Serán tamén subvencionables os gastos de Seguridade Social que se devenguen por es concepto de substitucións.

O beneficiario poderá subcontratar total (ata o 100% do gasto subvencionable) o parcialmente a actividade .

Detalle programa e **custo aproximado** servizo:

NUMERO SUBSTITUCIÓNS	CUSTE ESTIMADO SUSTITUCION DIA	TOTAL CUSTE PROGRAMA SUSTITUCIÓN
120	83,33 €/DIA	10.000 €

CUARTA.- OBRIGAS DE XUNCOGA.

- Cumprimento do/s programa/s que se describen na cláusula anterior.
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.
- Cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, e a **Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.**
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concillería delegada, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.
- No caso de que os gastos subvencionables superen o importe dos contratos menores, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do gasto subvencionable, salvo que o gasto se acometese con anterioridade á concesión da subvención.
- En canto a subcontratación das actividades subvencionadas polo beneficiario,

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638

aterase ao exposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, tendo en conta o artigo 29 puntualizando o seguinte:

- Indicar que a subcontratación pode acadar o 100% da actividade subvencionada.
- As persoas ou entidades obxecto da subcontratación deberán obter a previa autorización do órgano concedente. Faise constar que se trata dunha actividade moi concreta e específica na que se fai imprescindible a subcontratación coas cooperativas de socios (falta de persoal técnico e coa capacitación adecuada).

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LALÍN.

Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima previa xustificación e presentación de documentación por parte da entidade XUNCOGA S.C.G..

SEXTA.- NATUREZA.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, entendendo que as cantidades ás que o Concello de Lalín se compromete con XUNCOGA S.C.G., son para cubrir gastos das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que XUNCOGA S.C.G., obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

Finalmente indícase que esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas coa mesma finalidade.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín achegará no ano 2019 o importe máximo de **DEZ MIL EUROS (10.000 €)** do orzamento municipal.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire a cláusula anterior librarase logo de que logo de que XUNCOGA S.C.G., achegue a seguinte documentación:

1. Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste Convenio.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
3. Declaración responsable asinada polo/a Presidente de XUNCOGA S.C.G., na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 e no artigo 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de

- beneficiario/a e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.
4. Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
 5. Xustificación do gasto realizado.-

No caso de gastos xustificados con facturas dirixidas a XUNCOGA S.C.G:

Toda **factura** conterá os requisitos esixidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación:

- Número e, no seu caso, serie.
- A súa data de expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola de outro Estado membro da Unión Europea, co que realizou a operación o/a obrigado/a a expedir factura.
- Domicilio tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto de ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario.
- Tipo/s impositivo/s, no seu caso, aplicado/s ás operacións.
- A cota tributaria que, no seu caso, se repercute, deberá consignarse por separado.
- Data na que se efectuaron as operacións que se documentan ou na que, no seu caso, se recibise o pagamento anticipado, sempre que se trate de data distinta á da expedición da factura.
- No suposto de que a operación que se documenta na factura estea exenta do imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes.

Así mesmo con respecto ás facturas:

- ✓ Deberán ser orixinais, expedidas pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estampanse nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “ documentación presentada neste organismo a efectos de subvención”. Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.
- ✓ Deberá constar unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduxa unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- ✓ No caso de gastos subvencionables en concepto de nóminas e cuotas empresariais á

Seguridade Social a xustificación do gasto terá en conta o seguinte:

Son gastos subvencionables os gastos derivados do pago de retribucións ao persoal da entidade beneficiaria da subvención contratado para a realización de substitucións. As retribucións brutas anuais imputables á subvención estarán limitadas, no seu importe subvencionable máximo, polas contías determinadas para os diferentes grupos de cotización á Seguridade Social na táboa salarial que figura a continuación:

BASES DE COTIZACIÓN CONTINGENCIAS COMUNES

Grupo de Cotización	Categorías Profesionales	Bases máximas euros /mes
1	Ingenieros y Licenciados. Personal de alta dirección no incluído en el artículo 1.3.c) del Estatuto de los Trabajadores	4.070,10
2	Ingenieros Técnicos, Peritos y Ayudantes Titulados	4.070,10
3	Jefes Administrativos y de Taller	4.070,10
4	Ayudantes no Titulados	4.070,10
5	Oficiales Administrativos	4.070,10
6	Subalternos	4.070,10
7	Auxiliares Administrativos	4.070,10
		Bases máximas euros /día
8	Oficiales de primera y segunda	135,67
9	Oficiales de tercera y Especialistas	135,67
10	Peones	135,67
11	Trabajadores menores de dieciocho años, cualquiera que sea su categoría profesional	135,67

Os importes recolleitos están referidos a catorce pagas anuais para unha xornada semanal de corenta horas. Para xornadas inferiores a corenta horas, realizarase o correspondente cálculo proporcional. Ás retribucións sumaranse os gastos de Seguridade Social correspondentes á empresa e o seu total constituirá o gasto subvencionable por custos de persoal.

Non terán a consideración de gasto subvencionable as indemnizacións de calquera tipo satisfeitas ás contratados laborais polos beneficiarios da subvención.

Tampouco se considerarán gastos subvencionables os gastos nos que incorran as entidades beneficiarias da subvención respecto ao persoal en situación de baixa laboral, cando esta prolónguese por un período superior a un mes.

Documentación acreditativa

Os gastos de persoal con contrato laboral xustificaranse coa seguinte documentación:

- a) Contrato laboral
- b) Recibos de nómina debidamente cubertos (nome, apelidos e NIF do/da traballador/a, grupo profesional, grupo de cotización número de afiliación á Seguridade Social, antigüidade, conceptos retributivos, firma do/da traballador/a, firma e selo da empresa, etc.).
- c) Boletíns acreditativos de cotización á Seguridade Social .
- d) Documentos xustificativos do pago de impostos: impresos 111 (modelo trimestral polo que as empresas e autónomos declaran e ingresan as retencións que practicaron durante o trimestre a traballadores, a profesionais ou a empresarios) e modelo 190 (resumo anual do modelo 111).
- e) Documento probatorio do pago (xustificante bancario do pago) de cada un dos gastos imputados.
- f) Declaración responsable do representante da entidade na que conste a vinculación formal do traballador ao proxecto subvencionado con indicación das súas tarefas e o tempo de dedicación.

✓ So se admitirán como xustificantes dos pagos os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia.

✓ En canto a subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios indícase o que está suxeito ao exposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, tendo en conta o artigo 29 e a disposición cuarta do presente convenio.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe de **10.000 €**. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio por causa imputable á XUNCOGA S.C.G., o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.

7. Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da documentación farase, en todo caso, **antes do 28 de decembro de 2020.**

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

As partes poderán acordar a creación dunha Comisión Mixta de seguimento e control da

execución do presente convenio, formada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes.

Dita Comisión terá competencia, no seu caso, aos efectos de interpretación e control de execución do mesmo.

DÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

Este convenio estará en vigor na data súa sinatura, sendo os gastos subvencionados ó abeiro do mesmo aqueles nos que o beneficiario encorra dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020 na presentación do servizo obxecto deste convenio.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do presente convenio:

- Transcurso do prazo de vixencia do convenio .
- O acordo unánime das partes asinantes.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún/algunha das asinantes.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta establecida na normativa en vigor.

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADES E CAUSAS DE REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. XUNCOGA S.C.G. quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena e co informe favorable da Secretaría e da Intervención municipal . Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos.

As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

XUNCOGA S.C.G. comprométese a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE LALÍN
O Sr. Alcalde
José Crespo Iglesias

XUNCOGA S.C.G.,
O Presidente
Manuel Fernández López